

Programa ERASMUS+

Convocatoria de mobilidade para PERSOAL SAÍNTE

Proxecto 2020-1-ES01-KA107-081561

No desenvolvemento do presente proxecto de mobilidade participan: Erasmus +, SEPIE, Consorcio CARTES e CIFP Imaxe e son. A Comisión Europea é a responsable última do desenvolvemento do programa Erasmus+, SEPIE é a axencia nacional que promove e executa o programa a escala nacional. Enlaces a Erasmus + e a SEPIE, a continuación:



CARTES é un consorcio formado polos seguintes centros de formación superior :

Escuela de Arte de Oviedo - Escuela Superior de Arte del Principado de Asturias - Conservatorio Superior Música Oviedo - EASD Antonio Failde - IES Audiovisual de Vigo - Conservatorio Superior de Música de Vigo - UniversidadE de Vigo - Facultad Bellas Artes - IES Ribeira do Louro - ESCRBC de Galicia - Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón – Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso - CIFP Imaxe e Son - Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo - IES Puerta Bonita - Madrid - ESC y Restauracion Bienes Culturales Madrid - Emprende y Gestiona 2015 - Formacion y Educacion Integral - Escola Superior de Disseny i d'Arts Plàstiques Cataluña - Escuela de Arte de Pamplona - Escuela de Arte y Superior de Deseño de Corella - ESDCR de Bienes Culturales de Burgos - IES Néstor Almedros -Tomares (Sevilla) - Universidad de Sevilla - Escuela Superior de Arte Dramática de Sevilla - Real Conservatorio Superior Música Victoria Eugenia.

1. Obxecto da convocatoria

O propósito desta convocatoria é a concesión de 2 axudas de mobilidade para persoal docente do CIFP Imaxe e son da Coruña.

As Prazas ofertadas son:

PAÍS	N.º prazas	Centro de de destino	Duración	Datas da mobilidade
Albania	1	▶European University of Tirana	5 días de estadía + 2 días de viaxe	Maio ou Xuño (por determinar)
		▶University of Arts Tirana		
		▶University of Gjrokastra		
		(Pendientes de confirmar)		
Bosnia e Herzegovina	1	▶Academy of Fine Arts Sarajevo	5 días de estadía + 2 días de viaxe	Maio ou Xuño (por determinar)
		▶Logos Centre – Mostar		
		(Pendientes de confirmar)		

Nota: Por motivos de loxística e organización as datas de mobilidade poden sufrir modificacións.

2. Requisitos

A persoa solicitante estará vinculada ao CIFP Imaxe e son durante o tempo no que se realice a mobilidade e terá que estar impartindo docencia ou formar parte do equipo directivo.

3. Resultados.

As persoas seleccionadas seguirán o programa de actividades deseñado entre CARTES e as institucións educativas de destino.

As actividades máis comúns son:

- Visitas a centros formativos.
- Visitas a empresas do sector.
- Asistencia a actividades culturais.

Con esta actividade o CIFP Imaxe e son, propón:

- Apoiar o desenvolvemento profesional do profesorado con vistas a innovar e a mellorar a calidade do ensino, a formación e o traballo no ámbito da xuventude.
- Promover a creación de redes de contactos con centros formativos e institucións con obxecto de desenvolver conxuntamente proxectos formativos internacionais.
- Iniciar relacións con empresas do sector coa finalidade de enviar ao noso alumnado a facer a FCT.

4. Cuantía das mobilidades

A cuantía das axudas, tanto para viaxe como para manutención, son as fixadas polas institucións e organismos que xestionan e promoven o Programa Erasmus+.

Destino	Duración da mobilidade	Apoio individual	Gastos viaxe
Bosnia e Herzegovina	7 días (5 actividade + 2 viaxe)	180 € diarios	360€
Albania	7 días (5 actividade + 2 viaxe)	180 € diarios	360€

Máis información en:

[Guía Erasmus + 2020](#) Pode consultar a información sobre a cuantía de apoio individual e dos gastos de viaxe nas páxinas 51 e 52.

[Distance calculator](#) Cálculo de gastos de viaxe segundo aplicación Erasmus +.

O 80% da mobilidade será ingresada ao persoal beneficiario antes de iniciar a viaxe e o 20% restante será pagado á volta da estadía logo de presentar os documentos xustificativos requiridos.

5. Axudas para necesidades especiais

O programa Erasmus+ ten por obxectivo promover a equidade e a inclusión tanto do alumado como do profesorado. Existen vías de financiamento especial para persoas con discapacidade física ou intelectual. A información sobre este tipo de financiamento pode consultarse co coordinador de programas internacionais do CIFP Imaxe e son. Ten información sobre as axudas no seguinte enlace: [Erasmus+: un programa inclusivo](#)

6. Documentación requirida.

As persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude e plan de traballo (Anexo 1).
- Certificacións de formación en idiomas.

Nota: O modelo de Solicitude e plan de traballo está localizable no Anexo I deste documento e, en formato editable, na páxina web do [CIFP Imaxe e son](#).

7. Lugar e datas de entrega da documentación

A documentación solicitada, en formato papel, debe dirixirse á Comisión avaliadora de mobilidades CARTES.

Lugar: Secretaría do CIFP Imaxe e son.

Datas de entrega: A partires do día da publicación da convocatoria e até o 1 de decembro en horario de 9:00h. a 14:00h.

8. Baremo para a valoración dos méritos presentados.

A resolución da convocatoria será dictada pola Comisión de Coordinación Internacional. A Comisión de selección estará formada por: un membro do equipo directivo, a responsable de Xestión e control de Calidade, o coordinador de programas internacionais, a responsable de FCT e dous docentes.

A selección do profesorado destas mobilidades realizarase en base aos criterios de baremo fixados polo Consorcio CARTES (puntos 1 a 4) e polo CIFP Imaxe e son (Punto 5) desta convocatoria.

Criterios:

Nº	Criterio	Puntos
1.	Relación entre a especialización do profesorado e as materias impartidas no centro de destino.	2
2.	Líñas de traballo e de investigación afíns ao centro de destino.	2
3.	Coñecemento da lingua de traballo.	2
4.	Actitudes e habilidades persoais.	2
5.	Outros criterios a seleccionar polo centro en función das súas necesidades e das características das mobilidades dispoñibles:	
5.1	Necesidades do centro. Interés do proxecto presentado	1
5.2	Primeira participación en mobilidades	1

Desempates:

- Antigüidade no Centro.
- Antigüidade docente.
- Sorteo.

9. Calendario. Resolución da prazos.

Temporalización das actividades previstas:

- ▶ Publicación da convocatoria o 25 de novembro.
- ▶ Data límite de entrega da documentación o 1 de decembro, antes das 14:00h.
- ▶ A lista provisional do profesorado solicitante publicarase no taboleiro de anuncios do CIFP Imaxe e son 2 de decembro de 2022.
- ▶ As alegacións á lista provisional deberán presentarse en formato papel, na Secretaría do CIFP Imaxe e son, desde o 5 de decembro até o 12 de decembro, en horario de 9:00h. a 14:00h.
- ▶ A resolución da convocatoria e lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios do CIFP Imaxe e son o día 16 de decembro.

10. Renuncias

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito ao coordinador Erasmus da Escola no prazo de 2 días dende a resolución definitiva da convocatoria.

11. Obrigacións do profesorado beneficiario.

Trámites de obrigado cumprimento do profesorado becado antes de iniciar a mobilidade:

- A persoa adxudicataria aportará todos os datos e información necesarios para xestionar a documentación requirida polo Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), utilizando para isto o aplicativo web proporcionado polo Consorcio de Artes en tempo e forma.
- Solicitar o seu visado cando corresponda.
- Atender as recomendacións sanitarias para viaxar ao país de destino.
- Dispor dunha póliza de seguro segundo as indicacións de CARTES.
- Informar ao coordinador de programas internacionais sobre cambios relacionado coa mobilidade.

► Trámites durante a estadia:

- A persoa adxudicataria debe comunicar á coordinación Erasmus da Escola a súa incorporación ao centro de destino.
- Asimesmo deberá comunicar á coordinación Erasmus da Escola calquera incidencia ou cambio nas datas ou no plan de mobilidade acordado no Acordo á maior brevidade posible.
- Solicitar o certificado de cumprimento da estadia según modelo normalizado, con data e sinatura polo responsable de control de mobilidade da institución de destino. A data de certificación deberá ser igual ou posterior á data de finalización da estadia. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade..

► Trámites ao rematar a estadia:

- Entregar ao coordinador de programas internacionais o certificado de cumprimento da estadia según modelo normalizado.
- As persoas participantes deberán dar a máxima difusión ás actividades realizadas durante á súa estadia por medio das redes sociais e a páxina web da Escola, facilitando un rexistro fotográfico e unha sinopse da actividade á coordinación Erasmus.

Marco legal

O contido desta convocatoria é responsabilidade do CIFP Imaxe e son. A Comisión Europea (CE) e SEPIE non son responsables da información aquí difundida. Documentación de referencia:

- Regulamento (UE) no 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o programa “Erasmus+”, de educación, formación, xuventude e deporte da Unión: Publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de decembro de 2013.
- Regulamento Europeo. Programa Erasmus+ [ES]
- Guía Erasmus+ 2020: http://sepie.es/doc/convocatoria/2020/erasmus-plus-programme-guide-2020_es.pdf

Finalmente e, segundo a Guía Erasmus + :

“Esta inversión en coñecemento, habilidades e competencias beneficiará ás persoas, as institucións, as organizacións e ao conxunto da sociedade, pois contribuirá ao crecemento e a garantir a igualdade, a prosperidade e a inclusión social en Europa e fóra de ela”.

Coordinación de programas internacionais

A Coruña, 25 de novembro de 2022

CIFP Imaxe e son



**Cofinanciado por
la Unión Europea**

IMPRESO SOLICITUDE PERSOAL DOCENTE SAÍNTE. ANEXO I

TIPO DE MOBILIDADE SOLICITADA:

- MOBILIDADE PARA IMPARTIR DOCENCIA (STA)
 MOBILIDADE PARA FORMACIÓN (STT)

DATOS PERSOAIS

Nome e Apelidos			
Corpo			
Male	<input type="checkbox"/>	Female	<input type="checkbox"/>
e-mail			

MÓDULOS IMPARTIDOS

Departamento			
Ciclos formativos e módulos	Ciclo Formativo	Módulo	
	1º		
	2ª		
	3ª		
	4ª		

IDIOMAS

Idioma	Idioma 1:	Idioma 2:	Idioma 3:
Nivel (de A1 a C2)			

INSTITUCIÓN OU PAÍS DE DESTINO (Indicar por orde de preferencia)

1º	
2º	

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

Acreditación idiomas.

Outros:

PLAN DE TRABAJO

OBXECTIVOS XERAIS DA MOBILIDADE

ACTIVIDADES A DESENVOLVER

RESULTADOS ESPERADOS. VALORES ENGADIDOS

Asinado:

A Coruña,

de

de